



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACION



184/2017

Número 28 /2017 B1S

SÉTIMA.- O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar a súa resolución. A vixencia do presente convenio será dende o 2 de abril ata o 8 de abril de 2017, ambos inclusive, data na que rematará o curso, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada. No obstante dentro dos tres meses seguintes á finalización das xornadas, a Deputación poderá comprobar o cumprimento deste convenio e das obrigas derivadas do mesmo.

OITAVA.- A resolución dos conflitos que puideran xurdir con motivo do presente convenio corresponderán á xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen xurdir na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do sector público.

NOVENA.- Son cláusulas de resolución do presente convenio:

* O seu incumprimento total ou parcial.

*O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia 7986 de data 15 de marzo de 2017

E en proba de conformidade asinan o presente convenio, por cuadriplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo.: Xesús M. Soto Vivero

O REITOR DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA

Asdo.: Julio E. Abalde Alonso

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA COLABORAR NA CELEBRACIÓN DAS X XORNADAS DE DEREITO ADMINISTRATIVO IBEROAMERICANO "LA BUENA ADMINISTRACION DE LA CONTRATACION PÚBLICA".

Na Coruña a 23 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte D. Xesús Manuel Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, dá Excma. Deputación da Coruña de Contratación, Patrimonio e Equipamento en virtude das resolucións da presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

O Excmo. Sr. D. Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Universidade da Coruña é unha entidade que leva a cabo actividades de docencia e desenvolvemento xurídico, e ten como un dos seus fins, a formación de profesionais e especialistas en materias que afectan ó dereito administrativo comparado.

SEGUNDO.- Que a Deputación de A Coruña, é unha entidade de dereito local, que ten, entre outros fins, o fomento dos intereses da provincia, e os temas vencellados co eido local e a formación nos mesmos.

TERCEIRO.- Que a Universidade de A Coruña e a Deputación Provincial consideran que a cooperación cos países iberoamericanos, é un obxectivo estratéxico fundamental dadas as tradicionais relacións existentes, así como a formación de profesionais especialistas que posibiliten o desenvolvemento de este ámbito territorial con gran capacidade de futuro. Por iso, estimase conveniente a actuación conxunta para levar a cabo este curso.

Que ambas partes se recoñecen mutua capacidade para a subscripción do presente convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é regular as bases da colaboración entre a Universidade da Coruña (en adiante UDC) e a Deputación de A Coruña, para o desenvolvemento das X Xornadas de Dereito Administrativo Iberoamericano “La Buena Administración da Contratación Pública”, dirixidas aos expertos procedentes de Universidades Iberoamericanas que se conteñen no programa anexo.

O devandito curso organizase polo Catedrático da UDC, D. Jaime Rodríguez Arana-Muñoz.

SEGUNDA.- A UDC, en aplicación deste convenio comprométese ademais da organización e dirección das xornadas a:

- * Proporcionar o profesorado do Curso
- * Suministrar os materiais didácticos do Curso.
- * Expedir os títulos correspondentes.
- * Organizar o transporte dos alumnos.
- * Entregarlle á Deputación da Coruña unha copia do material didáctico empregado.

* Facer constar a cooperación da Deputación da Coruña, en toda a información que se difunda sobre o Curso, tanto nos medios de comunicación como no material informativo e pedagóxico que se puidera distribuir.

* O presente convenio non devengará abrigas económicas para a UDC, polo que non se fará precisa a consignación dunha partida presupostaria.

TERCEIRA.- A Deputación da Coruña como entidade patrocinadora do curso comprométase a facilitar aos 75 asistentes á xornada aloxamento e manutención nas instalacións do Pazo de Mariñán, así como a dispoñibilidade das instalacións para a impartición das xornadas, mentres dure o devandito curso do 2 de abril ata o 8 de abril de 2017 ambos inclusive, conforme ao establecido na ordenanza nº 14 Reguladora do Prezo público do Pazo de Mariñán, cuxa última modificación foi publicada no BOP nº 238, de 16 de decembro de 2013.

CUARTA.- A aportación da Deputación, como entidade patrocinadora, consistirá na cesión gratuita de aulas no Pazo de Mariñán como sede para o desenrolo da actividade, así como o aloxamento e manutención dos alumnos que veñan participar nas xornadas (tendo en conta así mesmo o día de entrada e o de partida). A previsión do gasto ascende a cantidade máxima de **33.212,45 euros** -cálculo efectuado de conformidade coa ordenanza N° 14 Reguladora do Prezo Público do Pazo de Mariñán para o ano 2017, publicada no BOP número 238, de 16 de diciembre de 2013.

QUINTA.- Para o seguimento de control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

SEXTA.- O profesorado que interveña nos traballos obxecto do presente convenio quedará sometido ao disposto nos artigos 156 e seguintes dos Estatutos da Universidade da Coruña e ao disposto no Regulamento aprobado pola Xunta de Goberno o 14 de xuño de 1992.